

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Inacio García Couso

D. Antonio Orois Valiño

D^a. M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a. Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

ACTA

En Arzúa, 25 de setembro de 2012.

Sendo as 20:05 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2012***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **PLAN “DTC 94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”***

Por indicación do alcalde, o secretario procedeu a dar lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 20 de setembro de 2012; no seguinte sentido:

“Pola presidenta desta comisión, Sra. Varela Duro (do BNG), infórmase:

a) Que a cantidade asignada a este Concello, como consecuencia da aplicación dos criterios de reparto que figuran na Base 4ª das reguladoras do citado Plan, sería de 328.181,38 euros.

b) Que entre as obras que se poden incluír en dito plan estarían as seguintes:

1. “Reparación do camiño de San Salvador a estrada de Ponte Carreira e outro”, por un orzamento total de 40.543,91 euros.

2. “Reparación saneamento e abastecemento en Teiraboa (Arzúa)”, por un orzamento total de 57.752,11 euros.

3. “Mellora hidráulica da rede de abastecemento de Arzúa”, por un orzamento total de 81.258,68 euros.

4. “Substitución de lámpadas de vapor de mercurio por lámpadas de halóxeiros metálicos con queimador cerámico de maior eficiencia e menor consumo”, por un orzamento total de 49.875,26 euros.

c) Que o resto da asignación por importe de 98.751,42 euros, será destinado a financiar gastos correntes da anualidade 2012, directamente asociados ao funcionamento de servizos públicos, que figuran detallados no informe da interventora emitido con data 17 de setembro de 2012, mediante a cumprimentación do Anexo II remitido pola Deputación Provincial.

Tras manifestar o seu acordo os restantes integrantes desta comisión informativa coa distribución da cantidade asignada;

Adoptouse –por unanimidade dos cinco membros asistentes (2 do BNG e 3 do PP)- o pronunciamento de propoñer ao Pleno do Concello que, para ser financiados con cargo ao Plan DTC 94, se inclúan as catro obras que quedaron indicadas, así como os gastos correntes que se detallan no Anexo II tamén indicado.

Deseguido, tanto o voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño, como a voceira do BNG, Sra. Varela Duro, manifestaron que non tiñan nada máis que engadir ao ditame que emitira a comisión informativa.

Polo que, polo Sr. alcalde, someteuse este asunto a votación ordinaria, co obxecto de adoptar os acordos que resulten procedentes, de entre os que figuran no medelo de acordo plenario remitido pola Deputación Provincial en relación con este plan, posto que este Concello non vai realizar ningunha aportación municipal.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Participar no “Plan DTC 94 unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial de A Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada as seguintes finalidades:

I) Obras e subministracións:

| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO TOTAL | ACHEGA PROVINCIAL |
|--|-----------------|-------------------|
| 1.- Reparación do camiño de San Salvador a estrada de Ponte Carreira e outro | 40.543,91 | 40.543,91 |
| 2.- Reparación saneamento e abastecemento en Teiraboa(Arzúa) | 57.752,11 | 57.752,11 |

| | | |
|--|------------|------------|
| 3.- Mellora hidráulica da rede de abastecemento de Arzúa | 81.258,68 | 81.258,68 |
| 4. Substitución de lámpadas de vapor de mercurio por lámpadas de halóxenuros metálicos con queimador cerámico de maior eficiencia e menor consumo. | 49.875,26 | 49.875,26 |
| TOTAL | 229.429,96 | 229.429,96 |

E aprobar os correspondentes proxectos técnicos, que foron elaborados polos seguintes técnicos:

a) Para as obras indicadas cos números 1 e 2.- Polo enxeñeiro de camiños Don Julio Rojo Martínez, con data setembro de 2012.

b) Para as obras indicadas cos número 3 e 4.- Polo arquitecto técnico municipal Don Luis Fole Barrio, con data setembro de 2012.

II) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:

| Concello | Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012 | Achega POS 2012 de gasto corrente | Outras achegas. |
|----------|--|-----------------------------------|-----------------|
| ARZUA | 98.751,42 | 80.847,11 | 0 |

III) Resumo:

| | Deputación | Concello | Outras achegas | Presuposto total |
|-----------------------------------|------------|----------|----------------|------------------|
| Subtotal obras e subministracións | 229.429,96 | 0 | 0 | 229.429,96 |
| Subtotal gastos correntes | 98.751,42 | 0 | 80.847,11 | 179.598,53 |
| TOTAL | 328.181,38 | 0 | 80.847,11 | 409.019,49 |

Segundo.- Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras que quedaron indicadas.

Terceiro.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas, para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial.

Cuarto.- Autorizar á Deputación Provincial para obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social,

nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Punto 3º) FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA

Coñecido o contido dos artigos 25 e 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, así como a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro.

Acordouse –por unanimidade dos doce membros asistentes- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo o programa informático CONOCE enviado pola Oficina do Censo Electoral, entre as persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente de cada Sección Electoral, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos:

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

Sección Primeira: Mesa A

Titulares:

Presidente: Cristina Codesido Sánchez

1º vogal: María Gloria Meijide Cesar

2º vogal: Juan Jose Castro Mouriño

Suplentes:

De presidente: María Belen Mendoza Conde

De presidente: Patricia Alfonso Souto.

De 1º vogal: Angel Balado Rey

De 1º vogal: Jose Manuel García Barreiro

De 2º vogal: Alba María Canals Navarro

De 2º vogal: Leopoldo Antonio Laya Paredes.

Sección Primeira: Mesa B

Titulares:

Presidente: Juan Jose Veiga Codesido

1º vogal: Santiago Manuel Villar Aller

2º vogal: María Jose Seoane Bravo

Suplentes:

De presidente: Gustavo Pampin Pampin

De presidente: Oswaldo Quintas Souto

De 1º vogal: Carlos Javier Pérez Mejuto

De 1º vogal: María Josefa Plata Santos

De 2º vogal: María Lucia Quinteiro Quintela

De 2º vogal: Andrés Miguel Vázquez Bendaña

Sección Segunda: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Ruben Bermejo Varela

1º vogal: Rosaura Mato Sesto

2º vogal: Francisco Javier Varela Regueiro

Suplentes:

De presidente: Alberto Castro Mato

De presidente: Sara Gómez Agra

De 1º vogal: Lorena Quintela Rivadulla

De 1º vogal: Marta Balado Varela

De 2º vogal: Laura Iglesias Pampín

De 2º vogal: Oscar García Vázquez.

Sección Tercera: Mesa Única.

Titulares:

Presidente: Rocío Núñez Varela

1º vogal: Nadia López López

2º vogal: María Angeles Pérez Vázquez

Suplentes:

De presidente: Diego Lamas Adan

De presidente: Angel Salgueiro Vázquez

De 1º vogal: Patricia Vilar Agra

De 1º vogal: Sonia Gómez Segade

De 2º vogal: Uxía Gómez Ríos

De 2º vogal: David Veiga Castro.

Sección Cuarta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Elena Arrojo Toja

1º vogal: Alejandra Pereira Romero

2º vogal: Begoña Pardo Carril

Suplentes:

De presidente: Beatriz Carregal Castelo

De presidente: Miguel García Pereira

De 1º vogal: Ines Piñeiro Ríos

De 1º vogal: Adrian Vázquez Martínez

De 2º vogal: Josefa Fernandez Segade

De 2º vogal: Sandra González Taboada.

Sección Quinta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Marta Pazo Rouco

1º vogal: María Begoña Garcia Orons

2º vogal: Laura Segade Fernández

Suplentes:

De presidente: María Jesus Rivas Moscoso
De presidente: Cristina Vázquez Villar
De 1º vokal: Juan Carlos Veiga Rivas
De 1º vokal: Oscar Tato Mosquera
De 2º vokal: María Dolores Fernández Duarte
De 2º vokal: Melanie Leon Riva.

Sección Sexta: Mesa Única

Titulares:

Presidente: Cristina Uzal Fernández
1º vokal: Manuela Souto Vázquez
2º vokal: Ana María Souto Rey

Suplentes:

De presidente: Jorge Tojo Varela
De presidente: José Ramón Piñeiro Pérez
De 1º vokal: Javier Pérez Crego
De 1º vokal: Jose Manuel Suarez Fernández
De 2º vokal: Ruben Mosquera Pérez
De 2º vokal: María Isabel Budiño Vázquez

Sección Séptima: Mesa A

Titulares:

Presidente: María del Carmen Camino Carril
1º vokal: José Manuel García Iglesias
2º vokal: María Jesús Andrade Fernández

Suplentes:

De presidente: Elena Moscoso Cesar
De presidente: Vanesa Menchaca Gabete
De 1º vokal: Alberto Alfonso Vázquez
De 1º vokal: Lidia Fidalgo Rivas
De 2º vokal: José Ramón Fuentes Esperón
De 2º vokal: Cristina Laya Miguelez

Sección Séptima: Mesa B

Titulares:

Presidente: María del Carmen Sánchez Sanmartín
1º vokal: Estela Quintas Fernández
2º vokal: Laura Nieto Casanova

Suplentes:

De presidente: Jaime Vázquez Villares
De presidente: Sandra Vázquez Rodríguez
De 1º vokal: Patricia Rial Regueiro
De 1º vokal: Martín Vázquez Nieto
De 2º vokal: Rosa Parrado Garea
De 2º vokal: M Teresa Sanmartín Vázquez

Realizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as Mesas Electorais, con motivo das Eleccións ao Parlamento de Galicia do vindeiro día 21 de outubro de 2012;

A Corporación Municipal –por unanimidade dos doce membros asistentes– adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar o resultado do sorteo realizado.

Segundo.- Que para o suposto de que algunha das persoas que resultaron designadas, en cada unha das referidas mesas electorais, non poidera ser notificada por calquera motivo, para cubrir esa baixa se efectúe un sorteo polo mesmo procedemento informático, entre aqueles electores censados na Mesa Electoral correspondente, que reúnan os requisitos esixidos no artigo 26 nº 2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Punto 4º) ESTABLECEMENTO DE LÍMITES PARA O PAGO DA INCAPACIDADE TEMPORAL E ACCIDENTES DE TRABALLO.

Coñecida a proposta da Alcaldía, de data 19 de setembro de 2012, que fora tratada pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de setembro; polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu dita comisión; no seguinte sentido:

“Polo Presidente explícase que sobre este asunto hai unha proposta da Alcaldía ao Pleno da Corporación, sobre o establecemento de límites para o pago da incapacidade temporal e accidentes de traballo, en relación co persoal funcionario e laboral ao servizo do Concello.

Continúa explicando o Presidente, que como consecuencia do Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, introdúcese unha nova regulación na prestación económica para as situacións de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais. Nese Real Decreto determínase que cada administración poderá complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario e laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, dentro dos límites establecidos; e con esta proposta, o que se trata é de chegar a eses límites máximos, que son os seguintes:

“1º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:

Durante os tres primeiros días recoñécese un complemento retributivo que supoña un 50% das retribucións que se viñeran percibindo durante o mes anterior ao de causarse a incapacidade

● Dende o día cuarta ata o vixésimo, ambos inclusive, recoñécese un complemento retributivo que, sumado á prestación económica recoñecida pola seguridade social,

acade o 75% das retribucións que viñeran correspondendo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

● Dende o día vixésimo primeiro, inclusive, e ata o remate da situación de incapacidade temporal o complemento retributivo completará a prestación da seguridade social ata acadar o 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola seguridade social completárase dende o primeiro día ata alcanzar o 100% das retribucións que viñera percibindo dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

3º.- Nos supostos de hospitalización e intervención quirúrxica completárase, dende o primeiro día, a prestación económica recoñecida pola seguridade social, ata acadar o 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.”

Engade o Presidente que o resto das administracións tamén están establecendo os topes máximos que permite o Real Decreto.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do PP), manifestando que en principio vanse abster, ao non ter estudado a fondo este artigo do Real Decreto, e que reservan a súa decisión para o Pleno.

Pregunta a Sra. Varela Duro (do BNG) qué é o que pode ser susceptible de cambio segundo o disposto no Real Decreto.

Contesta a interventora que o Real Decreto Lei 20/2012, permite complementar as prestacións que perciba o persoal ata uns límites máximos, que son os que se recollen nesta proposta, e que por encima destes límites xa non se poden subir mais.

Toma a palabra de novo o Presidente mostrándose de acordo coa proposta, e manifestando que xa que estamos nunha época de perda de dereitos, e xa que se perde, tratar de que se perda o menos posible.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP), manifestando que hai xente que ten menos dereitos que eses dos que se está a falar.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por tres votos a favor -dos tres concelleiros do BNG, Sr. Bermúdez Taboada, Sra. Varela Duro e Sr. García Couso; e tres abstencións -dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-; o acordo de informar favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía ao Pleno da Corporación, sobre o establecemento de límites para o pago da incapacidade temporal e accidentes de traballo en relación co persoal funcionario e laboral ao servizo do Concello. “

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Polo voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño, para indicar que como o Real Decreto Lei 20/2012 establece os límites máximo ata os que se poden complementar as prestacións nas situacións de incapacidade temporal, sempre que se cumpra con eses marxenes -que se prevén nesa normativa legal- estaremos de acordo.

*Pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro, para indicar que esta de acordo co ditame da comisión especial de contas.

E sometido este asunto a votación ordinaria; por unanimidade dos doce membros asistentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro: Fixar o complemento económico por parte do Concello de Arzúa durante a situación de incapacidade temporal do personal funcionario e laboral ao servizo da Administración municipal, nos seguintes termos:

1º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:

•Durante os tres primeiros días recoñécese un complemento retributivo que supoña un 50% das retribucións que se viñeran percibindo durante o mes anterior ao de causarse a incapacidade

•Dende o día cuarto ata o vixésimo, ambos inclusive, recoñécese un complemento retributivo que, sumado á prestación económica recoñecida pola seguridade social, acade o 75% das retribucións que viñeran correspondendo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

•Dende o día vixésimo primeiro, inclusive, e ata o remate da situación de incapacidade temporal o complemento retributivo completará a prestación da seguridade social ata acadar o 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola seguridade social completárase dende o primeiro día ata alcanzar o 100% das retribucións que viñera percibindo dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

3º.- Nos supostos de hospitalización e intervención quirúrxica completárase, dende o primeiro día, a prestación económica recoñecida pola seguridade social, ata acadar o 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Segundo.- Publicar este acordo no Taboleiro de Edictos da Casa dlo Concello

Terceiro.- Dar conta aos representantes sindicais dos traballadores.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 20:35 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

